

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026030	Terra de Xallas	Santa Comba	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ADG	Administración e xestión	CSADG01	Administración e finanzas	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0650	Proceso integral da actividade comercial	2023/2024	5	133	159

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA REYES SOBRINO CERDEIRIÑA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O Regulamento nº1775/2003, do Parlamento Europeo e do Consello, de 29 de setembro, dispón que todos os Estados membros da Unión Europea terían que aplicar as Normas Internacionais de Información Financeira (antes Normas Internacionais de Contabilidade) emitidas polo International Accounting Standards Board (IASB), organismo de carácter privado e sen ánimo de lucro, que representa a máis de 100 organizacións profesionais de 80 países.

Como consecuencia emítense dúas normas que afectan directamente á Contabilidade: A Ley 26/2007, de 4 de Julio, de reforma parcial y adaptación de la legislación mercantil en materia contable para su armonización internacional con base en la normativa de la Unión Europea e dous Reais Decretos, 1514/2007 de 15 de novembro e 1515/2007 de 16 de novembro, polos que se aproban o Plan Xeral de Contabilidade e o Plan Xeral de Contabilidade para Pequenas e Medianas empresas, respectivamente, que entraron en vigor o 1 de xaneiro de 2008.

O artigo 8º do Decreto 206/2012 polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en administración e finanzas sinala:

1. A profesión de técnico superior en administración e finanzas sufriu unha evolución nos últimos anos como consecuencia do desenvolvemento experimentado polos sectores económicos de forma xeral e o sector servizos en particular, que supuxo unha forte demanda de profesionais desta ocupación.

2. Algunhas causas que provocaron esta situación e que farán que se continúe demandando profesionais con esta ocupación son as seguintes:

- A tendencia da actividade económica cara á globalización e o incremento das relacións comerciais e institucionais internacionais requiren profesionais cualificados e competitivos, nomeadamente nas novas tecnoloxías da información e da comunicación, e con competencias lingüísticas en varios idiomas.

- O cambio constante en lexislación, tipos de documentos e procedementos administrativos utilizados pola empresa esixe, por parte destes profesionais, unha actualización constante e actitudes favorables cara á aprendizaxe ao longo da vida, cara á autoformación e cara á responsabilidade.

Este currículo adapta a nova titulación ao campo profesional e de traballo da realidade socioeconómica galega e ás necesidades de cualificación do sector produtivo canto a especialización e polivalencia, e posibilita unha inserción laboral inmediata e unha proxección profesional futura.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe							
					MP0650_00							
					RA 1	RA 2	RA 3	RA 4	RA 5	RA 6	RA 7	
1	A actividade económica	Determinación dos elementos patrimoniais da empresa analizando a actividade empresarial.	6	5	X							
2	Metodoloxía contable	Integración da normativa contable e o método da partida dobre.	20	10		X						
3	O sistema fiscal. A imposición indirecta	Xestión da información sobre tributos que afectan ou gravan a actividade comercial da empresa.	25	15			X					
4	O ciclo contable	Rexistro dos feitos contables básicos derivados da actividade comercial e dentro dun ciclo económico, aplicando a metodoloxía contable e os principios e as normas do PXC-PEME.	68	40						X		
5	Xestión documental da compravenda	Determinación dos trámites da xestión de cobramentos e pagamentos analizando a documentación asociada e o seu fluxo dentro da empresa.	12	10				X				
6	Operacións financeiras	Determina os trámites da xestión de cobramentos e pagamentos analizando a documentación asociada e o seu fluxo dentro da empresa.	20	15					X			
7	Xestión de tesourería	Realización da xestión e o control da tesouraría	8	5								X
Total:			159									

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	A actividade económica	6

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Determina os elementos patrimoniais da empresa analizando a actividade empresarial.	SI

4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar o concepto de empresa e o ciclo de actividade da empresa	1	A empresa e o ciclo de actividade empresarial	3,0
1.2 Diferenciar os conceptos de: investimento e financiamento, investimento e gasto, gasto e pagamento e entre ingreso e cobramento.			
1.3 Clasificar as empresas segundo diversos conceptos			
2.1 Identificar o patrimonio empresarial e os seus compoñentes	2	Patrimonio empresarial	3,0
2.2 Identificar as masas patrimoniais e as situacións de equilibrio entre elas			
2.3 Elaborar un inventario			
TOTAL			6

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Identifícanse as fases do ciclo económico da actividade empresarial.	• LC.1 - O proceso das actividades propostas	S	10
CA1.2 Diferenciouse entre investimento e financiamento, entre investimento e gasto, entre gasto e pagamento, e entre ingreso e cobramento.	• LC.2 - O proceso das actividades propostas	S	10
CA1.3 Distinguíronse os sectores económicos baseándose na tipoloxía de actividades que se desenvolven neles.	• LC.3 - O proceso das actividades propostas	S	10
CA1.4 Definíronse os conceptos de patrimonio, elemento patrimonial e masa patrimonial.	• PE.1 - Examen tipo test de respostas alternativas.	S	25
CA1.5 Identifícanse as masas patrimoniais que integran o activo, o pasivo esixible e o patrimonio neto.	• LC.4 - O proceso das actividades propostas	S	10
CA1.6 Relacionouse o patrimonio económico da empresa co patrimonio financeiro, e ambas coas fases do ciclo económico da actividade empresarial.	• LC.5 - O proceso das actividades propostas	S	10
CA1.7 Clasificouse un conxunto de elementos patrimoniais en masas patrimoniais.	• PE.2 - Examen práctico	S	25

TOTAL
100
4.1.e) Contidos

Contidos
Actividade económica e ciclo económico. Empresa: concepto e tipos. Patrimonio da empresa e a contabilidade: Elementos patrimoniais Masas patrimoniais. Activo, pasivo e patrimonio neto dunha empresa. Equilibrio patrimonial.

4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
A empresa e o ciclo de actividade empresarial - Identifícaranse diferentes modelos de empresas e os seus ciclos de actividade.	<ul style="list-style-type: none"> Exposición oral da materia. Solución das dúbidas que poidan aparecer. 	<ul style="list-style-type: none"> Tomar notas e comprender os exercicios propostos. 	<ul style="list-style-type: none"> Resumo e esquema dos contidos dos textos. 	<ul style="list-style-type: none"> Encerado. Material complementario. Canón e ordenador. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - O proceso das actividades propostas LC.2 - O proceso das actividades propostas LC.3 - O proceso das actividades propostas 	3,0
Patrimonio empresarial - Identifícarase o patrimonio e clasifícarase en masas patrimoniais	<ul style="list-style-type: none"> Exposición oral da materia. Solución das dúbidas que poidan aparecer. 	<ul style="list-style-type: none"> Tomar notas e comprender os exercicios propostos. 	<ul style="list-style-type: none"> Resumo e esquema dos contidos dos textos. 	<ul style="list-style-type: none"> Encerado. Material complementario. Canón e ordenador. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.4 - O proceso das actividades propostas LC.5 - O proceso das actividades propostas PE.1 - Examen tipo test de respostas alternativas. 	3,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
					• PE.2 - Examen práctico	
TOTAL						6,0

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Metodoloxía contable	20

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Integra a normativa contable e o método da partida dobre analizando o PXC-PEME e a metodoloxía contable.	SI

4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar os diferentes tipos de feitos contables e a súa representación contable. 1.2 Diferenciar as distintas clases de contas.	1	Interpretación desde o punto de vista contable da información representada nos documentos xustificantes das operacións económico-financieiras que afecten ao patrimonio empresarial	6,0
2.1 Coñecer e aplicar o método da partida dobre 2.2 Comprender o significado da ecuación fundamental do patrimonio.	2	Análise da metodoloxía contable	4,0
3.1 Entender a distinta relevancia das contas de balance e de xestión.	3	Definición do concepto de resultado contable e diferenciación das contas de ingresos e os gastos.	6,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
3.2 Comprender o procedemento para a obtención do resultado contable.			
4.1 Identificar e comprender a utilidade de cada unha das cinco partes do PXC e dos distintos de grupos de contas	4	Utilidade do PXC como elemento normalizador.	4,0
4.2 Analizar o contido e a información que subministra cada conta anual.			
TOTAL			20

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Distinguíronse as fases do ciclo contable completo adaptándoas á lexislación española.	• LC.1 - O proceso das actividades propostas	S	5
CA2.2 Definiuse o concepto de conta como instrumento para representar os elementos patrimoniais e feitos económicos da empresa.	• LC.2 - O proceso das actividades propostas	S	10
CA2.3 Determináronse as características máis importantes do método de contabilización por partida dobre.	• LC.3 - O proceso das actividades propostas	S	10
CA2.4 Recoñecéronse os criterios de cargo e aboamento como método de rexistro das modificacións do valor dos elementos patrimoniais.	• LC.4 - O proceso das actividades propostas	S	10
CA2.5 Definiuse o concepto de resultado contable e diferenciáronse as contas de ingresos e os gastos.	• PE.1 - Examen práctico	S	25
CA2.6 Recoñeceuse o PXC como instrumento de harmonización contable.	• LC.5 - O proceso das actividades propostas	S	5
CA2.7 Relaciónáronse as partes do PXC e diferenciáronse as obrigatorias das non obrigatorias.	• LC.6 - O proceso das actividades propostas	S	5
CA2.8 Codificouse un conxunto de elementos patrimoniais de acordo cos criterios do PXC, identificando a súa función na asociación e a desagregación da información contable.	• LC.7 - O proceso das actividades propostas	S	5
CA2.9 Identificáronse as contas anuais que establece o PXC e determinouse a súa función.	• PE.2 - Examen práctico	S	25
TOTAL			100

4.2.e) Contidos

Contidos
Operacións mercantís desde a perspectiva contable.
Teoría das contas: concepto, estrutura e tipos de contas.
Método por partida dobre.
Resultado contable.
Normalización contable. O PXC: marco conceptual, principios contables, normas de valoración, cadro de contas, definicións e relacións contables, e contas anuais.

4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	
Interpretación desde o punto de vista contable da información representada nos documentos xustificantes das operacións económico-financeiras que afecten ao patrimonio empresarial - Definirse o concepto de conta como instrumento para representar os elementos patrimoniais e feitos económicos da empresa.	<ul style="list-style-type: none"> Exposición oral da materia. Resolución dun suposto tipo. Solución das dúbidas que vaian aparecendo 	<ul style="list-style-type: none"> Tomar apuntes do suposto tipo e resolver os supostos entregados pola profesora. 	<ul style="list-style-type: none"> Resumo e esquema dos contidos dos textos. Solucións dos supostos entregados 	<ul style="list-style-type: none"> Encerado branco. Material complementario 	<ul style="list-style-type: none"> LC.2 - O proceso das actividades propostas LC.4 - O proceso das actividades propostas 	6,0
Análise da metodoloxía contable - Determinaranse as características máis importantes do método de contabilización por partida dobre.	<ul style="list-style-type: none"> Exposición oral da materia. Resolución dun suposto tipo. Solución das dúbidas que vaian aparecendo. 	<ul style="list-style-type: none"> Tomar apuntes do suposto tipo e resolver os supostos entregados pola profesora. 	<ul style="list-style-type: none"> Resumo e esquema dos contidos dos textos. Solucións dos supostos entregados 	<ul style="list-style-type: none"> Encerado branco. Material complementario. Canón e ordenador 	<ul style="list-style-type: none"> LC.3 - O proceso das actividades propostas 	4,0
Definición do concepto de resultado contable e diferenciación das contas de ingresos e os gastos. - Resolución dun suposto tipo	<ul style="list-style-type: none"> Exposición oral da materia. Resolución dun suposto tipo. Solución das dúbidas que vaian aparecendo. 	<ul style="list-style-type: none"> Tomar apuntes do suposto tipo e resolver os supostos entregados pola profesora. 	<ul style="list-style-type: none"> Resumo e esquema dos contidos dos textos. Solucións dos supostos entregados 	<ul style="list-style-type: none"> Encerado branco. Material complementario. Canón e ordenador 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - O proceso das actividades propostas PE.1 - Examen práctico 	6,0
Utilidade do PXC como elemento normalizador. - Manexarase con sultura o Plan contable.	<ul style="list-style-type: none"> Exposición oral da materia. Resolución de supostos tipo. Solución das dúbidas que vaian aparecendo 	<ul style="list-style-type: none"> Tomar apuntes dos suposto tipo e resolver os supostos entregados pola profesora. 	<ul style="list-style-type: none"> Resumo e esquema dos contidos dos textos. Solucións dos supostos entregados 	<ul style="list-style-type: none"> Encerado branco. Material complementario 	<ul style="list-style-type: none"> LC.5 - O proceso das actividades propostas LC.6 - O proceso das actividades propostas 	4,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
					<ul style="list-style-type: none"> LC.7 - O proceso das actividades propostas PE.2 - Examen práctico 	
TOTAL						20,0

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	O sistema fiscal. A imposición indirecta	25

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Xestión a información sobre tributos que afectan ou gravan a actividade comercial da empresa, para o que selecciona e aplica a normativa mercantil e fiscal.	SI

4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Analizar o contido da Lei Xeral Tributaria e doutras normas fiscais básicas.	1	Identificación das principais figuras impositivas da actividade empresarial	10,0
1.2 Analizar a lexislación sobre conservación de documentos e información.			
2.1 Coñecer as obrigas de rexistro en relación co IVE e os libros rexistros.	2	Identificación das diferentes operacións a efectos do IVE.	15,0
2.2 Calcular a cota liquidable do Imposto sobre o Valor Engadido e elaborar a documentación correspondente á declaración-liquidación.			
TOTAL			25

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.1 Identifícase a normativa fiscal básica.	• PE.1 - Test de respostas alternativas.	S	5
CA3.2 Clasifícanse os tributos e identifícanse as súas características básicas.	• PE.2 - Proba obxectiva sobre os contidos.	S	15
CA3.3 Identifícanse os elementos tributarios.	• PE.3 - Test de respostas alternativas.	S	10
CA3.4 Clasifícanse os impostos tendo en conta a diferenza entre os directos e os indirectos.	• PE.4 - Test de respostas alternativas.	S	10
CA3.5 Identifícanse as principais figuras impositivas da actividade empresarial.	• LC.1 - O proceso das actividades propostas	S	5
CA3.6 Identifícanse as normas mercantís e fiscais básicas aplicables ás operacións de compravenda.	• LC.2 - O proceso das actividades propostas	S	5
CA3.7 Distingúronse e recoñécense as operacións suxeitas, exentas e non suxeitas a IVE.	• PE.5 - Test de respostas alternativas	S	5
CA3.8 Diferenciáronse os réximes especiais do IVE.	• PE.6 - Exercicio práctico.	S	10
CA3.9 Determináronse as obrigas de rexistro en relación co IVE, así como os libros rexistros (voluntarios e obrigatorios) para as empresas.	• LC.3 - O proceso das actividades propostas	S	5
CA3.10 Calculáronse as cotas liquidables do imposto e elaborouse a documentación correspondente á súa declaración-liquidación.	• PE.7 - Exercicio práctico.	S	25
CA3.11 Recoñeceuse a normativa sobre a conservación de documentos e información.	• LC.4 - O proceso das actividades propostas	S	5
		TOTAL	100

4.3.e) Contidos

Contidos
Marco tributario español. Xustificación do sistema tributario.
Clases de tributos: impostos, taxas e contribucións especiais.
Elementos do imposto.

Contidos
Clasificación dos impostos: directos e indirectos.
Elementos tributarios do IS e do IRPF.
Imposto sobre o valor engadido: Elementos. Operacións suxeitas, non suxeitas e exentas. Réxime xeral e réximes especiais. Libros rexistro. Declaracións-liquidacións. Resumo anual do IVE. Presentación telemática.

4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Identificación das principais figuras impositivas da actividade empresarial - Clasifícanse os tributos e identifícanse as súas características básicas.	<ul style="list-style-type: none"> Exposición oral da materia. Solución das dúbidas que poidan aparecer. 	<ul style="list-style-type: none"> Tomar notas e ler e comprender os textos propostos. 	<ul style="list-style-type: none"> Resumo e esquema dos contidos dos textos. 	<ul style="list-style-type: none"> Encerado branco. Material complementario. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - O proceso das actividades propostas LC.2 - O proceso das actividades propostas PE.1 - Test de respostas alternativas. PE.2 - Proba obxectiva sobre os contidos. PE.3 - Test de respostas alternativas. PE.4 - Test de respostas alternativas. 	10,0
Identificación das diferentes operacións a efectos do IVE. - Realízase un suposto práctico tipo.	<ul style="list-style-type: none"> Exposición oral da materia Resolución previa dun suposto tipo. Solución das dúbidas que poidan aparecer. 	<ul style="list-style-type: none"> Tomar apuntes do suposto tipo e resolver os supostos entregados pola profesora. 	<ul style="list-style-type: none"> Resumo e esquema dos contidos dos textos. Solucións dos supostos entregados. 	<ul style="list-style-type: none"> ¿Encerado branco. ¿Canón e ordenador. ¿Material complementario. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.3 - O proceso das actividades propostas LC.4 - O proceso das actividades propostas PE.5 - Test de respostas alternativas PE.6 - Exercicio práctico. PE.7 - Exercicio práctico. 	15,0
TOTAL						25,0

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	O ciclo contable	68

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Rexistra os feitos contables básicos derivados da actividade comercial e dentro dun ciclo económico, aplicando a metodoloxía contable e os principios e as normas do PXC-PEME.	SI

4.4.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer o tratamento das existencias e a xestión do almacén	1	As existencias	5,0
2.1 Contabilizar operacións contábeis de compras, vendas e existencias	2	Rexistro de operacións contables de compras, vendas e existencias	27,0
3.1 Contabilizar operacións de liquidación de IVE	3	Rexistro de operacións contables de liquidación de IVE	8,0
4.1 Utilizar programa informático de contabilidade	4	Programa de xestión contable	6,0
5.1 Analizar e comprender as distintas fases do ciclo contable. 5.2 Analizar as distintas funcións dos libros contables 5.3 Confección de balances de comprobación 5.4 Desglosar as distintas etapas da regularización e do peche do exercicio. 5.5 Elaborar a información relativa a un ciclo contable, aplicando correctamente a metodoloxía contable. 5.6 Elaborar as contas anuais	5	O ciclo contable	22,0
TOTAL			68

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA6.1 Identifícaronse e codificáronse as contas que interveñen nas operacións relacionadas coa actividade comercial conforme o PXC-PEME.	• LC.1 - O proceso das actividades propostas	S	5
CA6.2 Aplicáronse criterios de cargo e aboamento segundo o PXC-PEME.	• LC.2 - O proceso das actividades propostas	S	5
CA6.3 Efectuáronse os asentos correspondentes aos feitos contables máis habituais do proceso comercial.	• PE.1 - Examen práctico	S	15
CA6.4 Contabilizáronse as operacións relativas á liquidación de IVE.	• PE.2 - Examen práctico	S	15
CA6.5 Rexistráronse os feitos contables previos ao pechamento do exercicio económico.	• PE.3 - Examen práctico	S	15
CA6.6 Calculouse o resultado contable e o balance de situación final.	• PE.4 - Examen práctico	S	15
CA6.7 Preparouse a información económica salientable para elaborar a memoria para un exercicio económico concreto.	• LC.3 - O proceso das actividades propostas	S	5
CA6.8 Utilizáronse aplicacións informáticas específicas.	• LC.4 - O proceso das actividades propostas	S	10
CA6.9 Realizáronse as copias de seguridade segundo o protocolo establecido para salvagardar os datos rexistrados.	• LC.5 - O proceso das actividades propostas	S	5
CA6.10 Xestionouse a documentación manifestando rigor e precisión.	• TO.1 - O desenvolvemento do traballo realizado	S	10
TOTAL			100

4.4.e) Contidos

Contidos
Compras de mercadorías e operacións relacionadas.
Vendas de mercadorías e operacións relacionadas.
Operacións relacionadas coas existencias.
Operacións de aprazamento de pagamento e cobramento.
Problemática contable dos dereitos de cobramento.

Contidos
Declaración-liquidación de IVE. Desenvolvemento do ciclo contable. Aplicacións informáticas.

4.4.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
As existencias - Realizaranse explicacións breves e esquemáticas dos contidos e exercicios prácticos.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación das existencias e da xestión do almacén 	<ul style="list-style-type: none"> Identificar diferentes tipos de existencias Realizar exercicios de valoración de almacén Realizar exercicios de control e reposición de existencias Realizar exercicios de cálculo de operacións relacionadas coas existencias 	<ul style="list-style-type: none"> Relación de existencias Exercicios de valoración de almacén Exercicios de control e reposición de existencias Exercicios de calculo de operacións relacionadas coas existencias 	<ul style="list-style-type: none"> Libro de texto Proxector e encerado Textos de apoio Plan Xeral Contabilidade Programa de facturación 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - O proceso das actividades propostas LC.2 - O proceso das actividades propostas PE.1 - Examen práctico TO.1 - O desenvolvemento do traballo realizado 	5,0
Registro de operacións contables de compras, vendas e existencias - Realizaranse explicacións breves e esquemáticas dos contidos e exercicios prácticos.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación e realización de exercicios de rexistro contable no caso de compras, vendas e existencias 	<ul style="list-style-type: none"> Realizar exercicios de rexistro contable de operacións de compra, venda e existencias 	<ul style="list-style-type: none"> Exercicios contables 	<ul style="list-style-type: none"> Proxector e encerado Plan Xeral Contabilidade Programa de xestión contable Libro de texto 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - O proceso das actividades propostas LC.2 - O proceso das actividades propostas PE.1 - Examen práctico TO.1 - O desenvolvemento do traballo realizado 	27,0
Registro de operacións contables de liquidación de IVE - Realizaranse explicacións breves e esquemáticas dos contidos e exercicios prácticos.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación e realización de exercicios de rexistro contable de operacións de liquidación de IVE 	<ul style="list-style-type: none"> Realizar exercicios de liquidación do IVE 	<ul style="list-style-type: none"> Exercicios contables 	<ul style="list-style-type: none"> Libro de texto Proxector e encerado 	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Examen práctico TO.1 - O desenvolvemento do traballo realizado 	8,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
				<ul style="list-style-type: none"> Plan Xeral Contabilidade Programa de xestión contable 		
Programa de xestión contable - Realizaranse explicacións breves e esquemáticas dos contidos e exercicios prácticos.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación do funcionamento do programa 	<ul style="list-style-type: none"> Realizar operacións contables no programa 	<ul style="list-style-type: none"> Exercicios contables 	<ul style="list-style-type: none"> Proxector e encerado Programa de xestión contable 	<ul style="list-style-type: none"> LC.4 - O proceso das actividades propostas TO.1 - O desenvolvemento do traballo realizado 	6,0
O ciclo contable - Distinguiranse as etapas do ciclo contable	<ul style="list-style-type: none"> Explicación do ciclo contable 	<ul style="list-style-type: none"> Esquema co funcionamento do ciclo contable 	<ul style="list-style-type: none"> Esquema do ciclo contable 	<ul style="list-style-type: none"> Libro de texto Proxector e encerado Textos de apoio Plan Xeral Contabilidade Equipo informático con bases de datos, conectados en rede 	<ul style="list-style-type: none"> LC.3 - O proceso das actividades propostas LC.5 - O proceso das actividades propostas PE.3 - Examen práctico PE.4 - Examen práctico 	22,0
TOTAL						68,0

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Xestión documental da compravenda	12

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Elabora e organiza a documentación administrativa das operacións de compravenda, en relación coas transaccións comerciais da empresa.	SI

4.5.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Establecer os fluxos de documentación administrativa relacionados coa actividade comercial.	1	Análise dos distintos documentos relacionados coa actividade comercial.	4,0
2.1 Determinar os elementos do contrato mercantil de compravenda. 2.2 Analizar o proceso de expedición e entrega das mercancías formalizando a documentación precisa. 2.3 Identificar os parámetros e a información a rexistrar nas operacións de compravenda. 2.4 Rexistro e conservación da documentación entregada e recibida. 2.5 Cumprimentación dos libros rexistros. 2.6 Aplicación informática da facturación.	2	Análise do contrato de compravenda mercantil.	8,0
TOTAL			12

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA4.1 Determináronse os elementos do contrato mercantil de compravenda.	• PE.1 - Examen práctico.	S	15
CA4.2 Establecéronse os fluxos de documentación administrativa relacionados coa compra e a venda.	• LC.1 - O proceso das actividades propostas	S	7
CA4.3 Identificáronse e cubríronse os documentos relativos á compra e a venda na empresa, precisando os requisitos formais que deban reunir.	• PE.2 - Examen práctico.	S	15
CA4.4 Recoñecéronse os procesos de expedición e entrega de mercancías, así como a documentación administrativa asociada.	• PE.3 - Examen práctico.	S	15
